



ESPECTÁCULOS DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS (AGADIC)

O Auditorio da Casa da Cultura de Vimianzo entrou a formar parte neste ano 2106 da Rede Galega de Teatros e Auditorios da Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) xunto con outras 40 salas e auditorios das principais cidades e vilas galegas.

A Rede Galega de Teatros e Auditorio ten como finalidade promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas cofinanciando a contratación de compañías profesionais, contribuíndo a que os concellos poidamos acceder a espectáculos de primeiro nivel sen que supoñan un gran custo para as arcas municipais. As normas da Rede obrigan a establecer unha taquilla mínima para os espectáculos, co fin de corresponsabilizar aos espectadores na programación cultural, respectando e dignificando o traballo dos profesionais do sector e facendo sostible manter unha programación continua coma a que temos no noso Auditorio.

O Concello de Vimianzo programa nesta ocasión 14 espectáculos durante os sábados de febreiro a maio, dos cales 6 son contratados dentro da Rede, establecendo nestes as tarifas mínimas, que esixe a normativa de Agadic, que son as seguintes:

- **5 de marzo: XORÉ TEATRO *PEMENTEIRAS***
Prezo: 2,50€
Prezo reducido: 1,25€
- **12 de marzo: LUIS ZAHERA *CHUNGO-MONÓLOGO DE PETRÓLEO***
Prezo: 2,50€
Prezo reducido: 1,25€
- **9 de abril: TALÍA TEATRO *FOUCELLAS***
Prezo: 3,50€
Prezo reducido: 1,75€
- **7 de maio: CREAMIÓNS ARTÍSTICAS AUDIOVISUAIS *ONDE ESTÁ O MAGO ANTÓN?***
Prezo: 2,50€
Prezo reducido: 1,25€
- **21 de maio: IBUPROFENO TEATRO *A FILLA DE WOODY ALLEN***
Prezo: 2,50€
Prezo reducido: 1,25€
- **28 de maio: CÁNDIDO PAZÓ *MEMORIAS DUN NENO LABREGO***
Prezo: 2,50€
Prezo reducido: 1,25€

O prezo reducido é para maiores de 65 anos e estudantes, sempre e cando o acredite esta condición mediante o DNI e/ou o carné de estudante.

Existe a posibilidade de adquirir bonos para 3 funcións cun desconto do 25% sobre o prezo inicial (non sobre o prezo reducido), sendo o prezo dos bonos 6,35€ se unha das funcións que se desexa adquirir é a de Talía Teatro e de 5,60€ se se trata dos demais espectáculos



VENDA ANTICIPADA DE ENTRADAS

Dende o 1 de marzo as entradas e bonos estarán á venda na Casa da Cultura. Calquera persoa que desexe adquirilas pode achegarse ás instalacións de luns a venres de 9.00 a 15.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas e os sábados de 10.00 a 13.00 horas.

A taquilla abrirá unha hora antes da programada para o inicio da función, é dicir ás 20 horas, para a venda de entradas.

Non se contempla a posibilidade de cambio nin devolución de entradas mercadas anticipadamente.

Só se poderá acceder ao auditorio presentando a entrada orixinal.

RESERVA DE ENTRADAS

Existe a posibilidade de facer unha reserva previa de entradas chamando ao teléfono 981717288. Estas entradas reservadas gardaranse ata 10 minutos antes da hora fixada para o inicio da función. Se chegado este momento non foron recollidas e pagadas na taquilla poñeranse á venda perdendo o dereito á reserva

Non se poderán reservar máis de 5 entradas por persoa.